



## A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

### ELECCIÓN A CONSELLO ESCOLAR E CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

Segundo a Resolución do 20 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG 29/09/2021) pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de Centros de ensino non universitario. Procederá nos meses de novembro e decembro á renovación parcial (Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro).

Segundo o Artigo 2º da citada Resolución a elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar celebrarase entre o **22 e 26 de novembro**, ambos os dous incluídos.

A Xunta Electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo **constituirase**, segundo a Resolución do 25 de setembro **entre os días 2 e 5 de novembro de 2021**.

Segundo o referido artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo procederá á elección dos membros da Xunta Electoral por sorteo público o vindeiro día 18 de outubro ás 09:30 horas na Secretaría do Centro.

Unha vez constituída a Xunta Electoral segundo o artigo 31 do Decreto 92/1998 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, procederá a aprobar e publicar os Censos Electorais, concretará o calendario electoral, ordenará o proceso, admitirá e proclamará as candidaturas, promoverá a constitución das distintas mesas electorais, resolverá as reclamacións e proclamará aos candidatos.

O Consello Escolar do Centro é o órgano a través do cal participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade escolar.

Animámoslos a que presenten as súas candidaturas.

Participen na vida da Escola para desta maneira contribuír a un mellor funcionamento da mesma.

Pontevedra 15 de outubro de 2021

A Directora

Mª Aurora Cañizares Malagón

POBERTA RUBIANO SEGONIA

